

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 02.07.2025 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de xullo de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 27480 (12/CPC-000088)
Do secretario xeral para o Deporte, por petición propia, para informar do presente e do futuro da alta competición en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211f2, do 18.06.2025

Punto 2. Preguntas

- 2.1 19482 (12/POC-003267)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre os cambios que levará aparelados a aplicación da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f3, do 12.02.2025
- 2.2 26970 (12/POC-004368)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis
Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para o incremento da planta xudicial en Galicia, nomeadamente en materia de violencia sobre a muller, e as actuacións previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211f3, do 18.06.2025
- 2.3 27390 (12/POC-004430)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da eventual implantación dunha versión en lingua galega de Atenea, o novo programa de xestión procesual no ámbito da Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 214f2, do 25.06.2025

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2025

Julio
García
Comesaña

Firmado
digitalmente por
Julio García
Comesaña
Nombre de
reconocimiento
(DN): cn=Julio García
Comesaña,
email=julio.garcia.co
mesana@parlamento
degalicia.es
Fecha: 2025.06.25
17:34:43 +02'00'



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 25/06/2025 17:34:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 25/06/2025 18:35:36
Nº Rexistro: 7783
Data envío: 25/06/2025 18:35:36.451

CSV: REXPG-16A63da6A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 18:35:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 25/06/2025 18:35:36
Nº Rexistro: 7783
Data envío: 25/06/2025 18:35:36.451

CSV: REXPG-16A63da6A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**
POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Julio García Comesaña	P
Vicepresidente	
Roberto Rodríguez Martínez	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

María Cristina Fernández Davila	BNG
Patricia Iglesias Rey	S
Óscar Insua Lema	BNG
Argimiro Marnotes Fernández	P
Paula Mouzo Mas	P
Armando Ojea Bouzo	M
José Alberto Pazos Couñago	P
Carmen María Pomar Tojo	P
Paula Prado del Río	P
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Iago Suárez Fernández	BNG
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Iria Taibo Corsanego	BNG
Katherinie Varela Fernández	P

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 02.07.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 02.07.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 27480(12/CPC-000088)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral para o Deporte, por petición propia, para
informar do presente e do futuro da alta competición en
Galicia

Publicación da iniciativa, 211f2, 18.06.2025

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- do secretario xeral para o Deporte, para informar do **"presente e futuro da Alta Competición en Galicia"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

**Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REVPG-EmmywM3E-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
16/06/2025 14:41:53

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 14:41:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27480
Data envío: 16/06/2025 14:41:56.911

CSV REXPO-EmmyWM36-8
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 02.07.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 02.07.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 19482(12/POC-003267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre os cambios que levará aparellados a aplicación da Lei
orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de
eficiencia do servizo público de xustiza

Publicación da iniciativa, 156f3, 12.02.2025



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 11:44:58
Nº Rexistro: 19482
Data envío: 06/02/2025 11:44:58,922



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

A entrada en vigor o vindeiro mes de abril da Lei 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza vai levar aparellada cambios significativos no que respecta á organización dos tribunais de xustiza, pero tamén nos procedementos xudiciais, posto que modifica o regulamento das demandas civís e impulsa o emprego de medios axeitados de solución de controversias.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

Que cambios levará aparellados a aplicación da Lei de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza?

Santiago de Compostela, 6 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 06/02/2025 11:42:46

Julio García Comesaña na data 06/02/2025 11:43:12

María Felisa Rodríguez Carrera na data 06/02/2025 11:43:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 11:44:58
Nº Rexistro: 19482
Data envío: 06/02/2025 11:44:58.922




Katherinie Varela Fernández na data 06/02/2025 11:43:29

Argimiro Marnotes Fernández na data 06/02/2025 11:43:37

Paula Mouzo Mas na data 06/02/2025 11:43:52

Roberto Rodríguez Martínez na data 06/02/2025 11:44:05

Alberto Pazos Couñago na data 06/02/2025 11:44:24



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](#)



[@GrupoPopularGal](#)

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 02.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 26970(12/POC-004368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para o incremento da planta xudicial en Galicia, nomeadamente en materia de violencia sobre a muller, e as actuacións previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, 211f3, 18.06.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 09:38:28
Nº Rexistro: 26970
Data envío: 09/06/2025 09:38:28.680

Asinado o día 09/06/25
09:36
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a dotación de novas prazas xudiciais en seccións de violencia sobre a muller en Tribunais de Instancia en Galiza.

Asinado o día 09/06/2025 ás
09:35
Por Noa Presas Bergantiños

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 422/2025 polo que se dotan ou crean novas prazas xudiciais en seccións de Violencia sobre a Muller.

No que atinxe a Galiza o Goberno do Estado acordou a creación dunha Sección de Violencia sobre a Muller nos Tribunais de Instancia en Santiago de Compostela e de Ourense.

A sección do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela non só terá xurisdición sobre o partido xudicial da capital de Galiza, senón que a estenderá aos partidos xudiciais de Noia, Arzúa, Ribeira, Negreira, Muros, Padrón e Ordes. Pola súa banda, a xurisdición da sección do Tribunal de Ourense, igualmente cunha única praza xudicial, estenderase aos partidos xudiciais de Verín, Xinzo de Limia, O Carballiño, Ribadavia, Celanova e Bande, isto é, case ao 78% dos partidos xudiciais de Ourense e o 90% da poboación de toda a demarcación provincial de Ourense.

Asemade, no referido Real Decreto acordouse a creación de novas prazas en seccións de Violencia sobre a muller nos Tribunais de Instancia de Vigo e A Coruña, mais

Asinado o día 09/06/2025 ás
09:35
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 09:38:28
Nº Rexistro: 26970
Data envío: 09/06/2025 09:38:28.680

non mediante o incremento das xa existentes, senón pola transformación de prazas das seccións de Instrución. Así e ambos os dous casos a praza número 8 da Sección de Instrución dos Tribunais de Vigo e A Coruña, transformase na praza número 2 das Seccións de VSM dos Tribunais de Vigo e A Coruña, respectivamente.

Sen prexuízo das consecuencias negativas que tal decisión pode ter para o funcionamento do servizo público de Xustiza, o acordo do Goberno, segundo prescribe a vixente Lei Orgánica do Poder Xudicial, ten que ir precedido da audiencia e o informe da Comunidade Autónoma, no caso de creación de seccións en Tribunais de Instancia e de extensión de xurisdición de seccións de Violencia sobre a Muller a partidos xudiciais da mesma provincia.

Igualmente é preceptiva a audiencia da Comunidade Autónoma para a transformación de prazas xudiciais dunha Sección en prazas doutra Sección na mesma sede do Tribunal de Instancia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Que actuacións ou xestións realizou a Xunta de Galiza para o incremento da planta xudicial en Galiza, nomeadamente en materia de Violencia sobre a Muller?

Considera a Xunta de Galiza que a extensión da xurisdición da Sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela aos partidos xudiciais de Noia, Arzúa, Ribeira, Negreira, Muros, Padrón e Ordes vai a implicar unha mellora no funcionamento do servizo público de xustiza e da atención ás vítimas?

Cando informou sobre a proposta e cal foi o sentido do informe?



CSV REXPG-RJT9jH42-5

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 09:38:28
Nº Rexistro: 26970
Data envío: 09/06/2025 09:38:28.680

Considera a Xunta de Galiza que a extensión da xurisdición da Sección de Violencia Sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Ourense aos partidos xudiciais de Verín, Xinzo de Limia, O Carballiño, Ribadavia, Celanova e Bande vai a supor unha mellora no funcionamento do servizo público de xustiza e da atención ás vítimas?

Cando informou sobre a proposta e cal foi o sentido do informe?

Considera a Xunta de Galiza que a supresión de prazas xudiciais nas seccións de Instrución dos Tribunais de Instancia de Vigo e A Coruña, pola súa transformación en prazas nas seccións de Violencia sobre a Muller vai ser beneficiosa para o funcionamento do servizo público de xustiza?

Informou sobre a proposta do Goberno do Estado?

Entende a Xunta abondas as competencias de Galiza en materia de planta xudicial?

Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza ante a modificación da planta xudicial en materia de Violencia sobre a Muller acordada polo Goberno do Estado?

Ten previsto incrementar o cadro de persoal nos Tribunais de Instancia afectados e, no seu caso, en que número e en que corpos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: REXPO-RJT9jH42-5

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/06/2025 9:35:42

Noa Presas Bergantiños na data 09/06/2025 9:35:53

Rosana Pérez Fernández na data 09/06/2025 9:36:36

Carmela González Iglesias na data 09/06/2025 9:36:49

Mercedes Queixas Zas na data 09/06/2025 9:36:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 09:38:28
Nº Rexistro: 26970
Data envío: 09/06/2025 09:38:28.680

CSV REXPO-RJT9jH4Z-5
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 9:38:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 09:38:28
Nº Rexistro: 26970
Data envío: 09/06/2025 09:38:28.680

CSV REXPO-RJT9jH4Z-5
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 02.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 27390(12/POC-004430)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da eventual implantación dunha versión en lingua galega de Atenea, o novo programa de xestión procesual no ámbito da Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, 214f2, 25.06.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:33:40
Nº Rexistro: 27390
Data envío: 13/06/2025 12:33:40.292

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:19
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O sistema de xestión procesual Minerva implantouse nos xulgados de Galicia en varias fases, comezando coa migración desde o sistema anterior, Libra, entre os anos 2007 e 2009.

A versión máis avanzada, chamada Minerva NOX, púxose en funcionamento o 4 de maio de 2010, coincidindo coa entrada en vigor da Nova Oficina Xudicial (NOX). Esta implantación afectou a unhas 50 sedes xudiciais e a aproximadamente 2.000 persoas usuarias en toda a comunidade.

Desde aquela, Minerva foi evolucionando con novas versións pero sempre en castelá a pesar do compromiso do Goberno galego.

A pesar destes cambios o sistema seguiu dando algúns problemas e a quedar obsoleto en relación ao avance na dixitalización da xustiza, polo que no ano 2021 o Ministerio de Xustiza para mellorar a tramitación electrónica e automatizada dos procedementos xudiciais desenvolveu un novo sistema denominado sistema Atenea cuxa implantación iniciouse xa de forma progresiva nese ano 2021 en varias comunidades autónomas.

A implantación de Atenea en Galicia está prevista para 2025, segundo o Plan de migración establecido polo Ministerio de Xustiza. Este plan forma parte dunha estratexia máis ampla de transformación dixital da Xustiza, que inclúe a modernización das infraestruturas tecnolóxicas, a mellora da ciberseguridade e

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:18
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:18
Por Paloma Castro Rey

CSX-REXPG-MEznQ4s-9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:33:40
Nº Rexistro: 27390
Data envío: 13/06/2025 12:33:40.292

a automatización de procesos para reducir a carga administrativa e mellorar a eficiencia do sistema xudicial.

A nova versión de Atenea, dispoñible desde o 13 de marzo de 2023, introduciu melloras funcionais baseadas nas solicitudes das persoas usuarias, como a automatización do rexistro de trámites e a integración directa de escritos presentados por LexNET. Estas melloras permitirán aforrar un tempo estimado de case 8.000 horas de traballo manual ao ano e mellorar a calidade dos datos e a ciberseguridade do sistema.

O sistema Minerva de xestión procesal implementouse unicamente en idioma castelán, argumentando o goberno galego que posteriormente se faría unha versión en galego, cosa que nunca sucedeu.

Na actualidade o Goberno galego non aclarou o idioma co que vai implementar o sistema Atenea nos xulgados galegos polo que na vista dos antecedentes as e os socialistas tememos que volva a ser o castelán o idioma único deste sistema deixando novamente o galego ao marxe da Administración de xustiza.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai o Goberno galego implementar o novo programa xudicial (Atenea) en lingua galega, co fin de permitir que os profesionais da xustiza poidan desenvolver o seu traballo en lingua galega?

Santiago de Compostela, a 13 de xuño do 2025



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/06/2025 12:18:44

Silvia Longueira Castro na data 13/06/2025 12:18:50

Patricia Iglesias Rey na data 13/06/2025 12:19:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:33:40
Nº Rexistro: 27390
Data envío: 13/06/2025 12:33:40.292

CSV REXPO-QMEZHQ4s-9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 12:33:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:33:40
Nº Rexistro: 27390
Data envío: 13/06/2025 12:33:40.292

CSV REXPO-QMEZHQ4s-9
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

